

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Orde do 23 de novembro de 2009 pola que se crea e integra na Rede de Bibliotecas de Galicia a Axencia Municipal de Lectura de Paiosaco (Lestón, A Laracha).*

Vista a proposta do director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, en conformidade co establecido no artigo 38 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas,

### RESOLVO:

Primeiro.-Crear e integrar na Rede de Bibliotecas de Galicia a Axencia Municipal de Lectura de Paiosaco.

Segundo.-A resolución favorable de integración estará condicionada á sinatura dun convenio onde se recolla a obriga por parte do centro bibliotecario de prestar un servizo público que deberá axustarse ao estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, e que poderá responder nos restantes termos ás especiais características de cada tipo de centros.

Terceiro.-O prazo de sinatura deste convenio non deberá ser superior ós tres meses. De non cumprirse este prazo deixarase sen efecto a posible resolución favorable e suporá o arquivo definitivo da solicitude.

Cuarto.-O posterior incumprimento do devandito convenio poderá ser motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario de que se trate da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2009.

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Corrección de erros.-Resolución do 21 de decembro de 2009 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de leite e determinados produtos lácteos aos/ás alumnos/as de centros escolares e se convocan para o ano 2010.*

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no DOG nº 2, do 5 de xaneiro de 2010, é preciso publicar as seguintes correccións:

1. Na parte expositiva, engadir como parágrafo cuarto o seguinte:

«A regulación da axuda recollida nesta resolución desenvolve a normativa básica estatal actualmente contida no Real decreto 194/2002, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos

alumnos de centros escolares, ou da norma que en substitución puidese ditarse».

2. No artigo 2, onde di: «beneficiarios/as», debe dicir: «destinatarios/as».

No artigo 2.1º letra c), onde di: «Educación secundaria», debe dicir: «Educación secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio».

No artigo 2.2º parágrafo segundo, onde di: «os/as alumnos/as non se poderán beneficiar da axuda...», debe dicir: «os/as alumnos/as non serán destinatarios/as da axuda».

3. No artigo 6 é preciso engadir un novo punto, polo que o resultado é o seguinte:

«1. Poderán solicitar a axuda:...»

«2. Será beneficiario/a da axuda un/unha solicitante autorizado/a conforme as disposicións do artigo 7, para a subministración dos produtos lácteos recollidos no anexo I desta resolución».

4. Nos artigos 8 e 9 e 12, onde di: «servizo provincial do Fogga», debe dicir: «servizo territorial do Fogga».

5. No artigo 12, onde di: «delegación provincial», debe dicir: «xefatura territorial».

6. Na disposición adicional primeira, onde di: «Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia», debe dicir: «Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións».

*Resolución do 30 de decembro de 2009 pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Val de Navea.*

Examinado o expediente de declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Val de Navea*, dítase esta resolución baseada nos feitos e fundamentos de dereito que se expoñen a continuación:

Feitos:

1. Jovita Sabín González, en representación da fundación, mediante solicitude do 14 de xullo de 2009, formulou solicitude de clasificación e declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación Val de Navea* foi constituída en escritura pública outorgada en Ourense, o quince de maio de dous mil nove, ante o notario José Antonio Bollo de Miguel, co número de protocolo seiscentos cincuenta e cinco, por José Manuel Sabín Rodrí-